



Leopoldo Rodríguez Puga e Xaime Óscar Iglesias Pérez, deputados do grupo provincial do BNG na Deputación de Ourense, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes presentan para debate e aprobación, se procede, polo Pleno da corporación, as seguintes **PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN**

- 1. INSTAR AO GOBERNO DO ESTADO A QUE INICIE OS TRÁMITES PARA ACOMETER OS CAMBIOS CONSTITUCIONAIS OPORTUNOS QUE ACABEN PROVOCANDO A MODIFICACIÓN DO TÍTULO 8, E EN CONSECUENCIA A ELIMINACIÓN DA PROVINCIA E DOS ENTES PROVINCIAIS.**

**De forma transitoria, en tanto iso non sexa unha realidade:**

2. Solicitar que os deputados que están imputados en casos de corrupción, mesmo algún deles condeado por defraudar á facenda pública, dimitan da súa condición de deputados.
3. No caso de que a resolución da Axencia Tributaria, logo dos recursos plantexados, fora contraria ás pretensións desta deputación e como consecuencia tiveran que devolverse os 10,1 millóns de euros, pola comisión de irregularidades na adxudicación das depuradoras, a Institución, a través dos seus servizos xurídicos, plantexará unha demanda para que os responsábeis políticos e técnicos respondan co seu patrimonio, de xeito que iso non supoña menoscabo para as arcas provinciais nin para os intereses da cidadanía.
4. Pleno da Deputación insta á Presidencia a dar marcha atrás nas pretensións de privatizar o servizo de recollida e tratamento de residuos, así como as previsións futuras sobre outros servizos, nomeadamente Vías e Obras.
5. Recuperar, previa negociación con FLAGER, a FINCA SANTAMARIÑA para a cidadanía, para que sexa o gran parque e o pulmón verde que Ourense precisa.
6. Renegociar o canon da concesión do aparcamento do CHUO.
7. Supresión do INORDE por non cumprir os obxectivos previstos, asumindo as súas funcións desde a area de promoción económica.

8. Negociar coa Consellaria de Medio Rural ou cos concellos interesados o traspaso meios materiais de titulariedade provincial, que permitan impulsar políticas agrárias, gandeiras e forestais.
9. Entablar negociacións co Concello de Ourense que permitan chegar a fórmulas de xestión compartida do Teatro Principal, pazo dos deportes Paco Paz, edificio Simeón xa que a utilización e actividades destas infraestruturas corresponde fundamentalmente á poboación da capital.
10. Elaboración dun plano de rede viaria encardinado coas redes galega, estatal e fronteira portuguesa, xestionando os fondos necesarios para dotar a provincia das infraestruturas básicas para afrontar o seu desenvolvemento.

Ourense, 13 de novembro de 2014

Asdo: Leopoldo Rodríguez Puga

Asdo.: Xaime O. Iglesias Pérez

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL-OURENSE**